INFORME INTERVENCIÓN

MATERIA	**Concesión directa /**				
ASUNTO	**ADXUDICACIÓN DIRECTA, MEDIANTE CONCESIÓN DEMANIAL DA PARCELA MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO SECTOR B-10-PLAN PARCIAL "A CORVA" DO PXOM.**				
UNIDADE XESTORA	**María Jesús García Cruz**				
INTERESADO	**G36551828 / FUNDACIÓN DISCAPACIDAD E EMPREGO JUAN XXIII**				
FASE DO GASTO/ OP. INGRESOS		**IMPORTE:**	**PROPOSTA**	**EXERCICIO**	**TOTAL PLURIANUAL**
				0.00	
Nº REF	**2017/CONCESIONDIR/000001**		**ENTRADA**	**26 de abril de 2017**	

Fiscalizado o expediente de referencia, de conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, esta Intervención Informa:

1.- ANTECEDENTES:

Remítese o expediente de referencia na data indicada.

2.- INFORME:

2.1.- EXTREMOS XERAIS:

SI 1.- Proposta remitida pola unidade xestora

SI 2.- Existencia de crédito:

Non procede informar sobre a existencia de crédito posto que o expediente non implica gastos.

2.2.- EXTREMOS ADICIONAIS POR TIPO DE EXPEDIENTE:

Primeiro.- Antecedentes

1.- Remítese en data 26 de abril de 2017 o expediente comprensivo, como máis significativa, da seguinte documentación:

- Resolución de inicio do expediente;

- Proxecto de concesión, Memoria e Prego de condicións;

- Informe de 21/04/2017, do Director xeral de urbanismo e servizos xerais sobre a exención da taxa;

- Informe da Arquitecta da OTAP, de 24 de abril de 2017, no que se informa, respecto da documentación achegada pola Fundación Juan XXIII, que resulta suficiente e adecuada para o tipo de expediente que se tramita.

- Informe favorable previo e preceptivo, emitido polo Secretario da Administración Municipal, por delegación da Asesoría Xurídica de conformidade co artigo 56.1 do Regulamento orgánico municipal.

- Informe-proposta da Xefa do Servizo de Patrimonio, de data 25 de abril de 2017 esixible ao amparo

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:AS45USFNHE1KIY7Q

do previsto no artigo 172 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Segundo.- Descrición do inmoble obxecto de cesión e natureza xurídica do mesmo.

De conformidade co informe da Arquitecta da OTAP e do Secretario da Administración Municipal trataríase da ocupación dunha parcela municipal correspondente ao sector B-10-plan parcial "A Corva" do PXOM coa seguinte descrición:

Descrición da finca 1: Rexistro da propiedade nº 76501, de 488 m2 .

Referencia catastral: 9469616NG2996N0001XM

Descrición da finca 2: Rexistro da propiedade nº 75805, de 4188 m2 .

Referencia catastral: 9469610NG2996N0001FM

Respecto a natureza das fincas, se informa que as mesmas son bens de dominio público porque no planeamento se cualifican como equipamentos (artigos 65 e 255 Regulamento Lei do solo). Tamén porque de conformidade co artigo 81.2 da LBRL se produce a alteración automática do ben ao atoparse o plan aprobado e fixa afección das parcelas de equipamentos.

Terceiro.- Sobre o obxecto da concesión e a normativa a aplicar.

O obxecto do expediente é a adxudicación directa, mediante concesión demanial (título habilitante) da parcela municipal correspondente ao sector B-10-plan parcial "A Corva" do PXOM (dúas fincas) con destino á edificación dun centro adicado ao desenvolvemento de varios proxectos vinculados ao emprego, constituíndo por tanto unha ocupación con instalacións fixas ou obras.

O réxime xurídico aplicable ás concesións administrativas demaniais por parte das Entidade Locais, ven establecido fundamentalmente polas seguintes normas:

- Lei 33/2003, de Patrimonio das administracións públicas (artigos 86 e seguintes)

- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais (RB).

- Disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RDL 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP).

Cuarto.- Sobre o contido dos pregos que rexen a concesión.

Preténdese a ocupación de dúas fincas, bens de dominio público, con destino á realización da edificación dun centro, con instalacións fixas ou de obras, para o desenvolvemento de diversos proxectos vinculados ao emprego.

1.- Os pregos axústanse ao contido mínimo do art. 93.5 do LPAP. Remítense sen a sinatura de ningún técnico municipal, coa única sinatura do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, o que non pode informarse favorablemente.

2.- Tramítase o expediente para o outorgamento da concesión polo procedemento excepcional, de adxudicación directa, regulado no artigo 93.1 da LPAP, fundamentado na concorrencia do suposto previsto no artigo 137.4.c) da mesma lei que admite que se outorgue directamente a concesión para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral.

3.- A LPAP prevé a obrigatoriedade de establecer unha contraprestación á concesión e só habilita a súa gratuidade cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparellada utilidade económica para o concesionario, ou existindo sexa irrelevante.

Neste senso o artigo 3 dos PCA prevé a exención da taxa pola ocupación dos bens municipais, ao abeiro do artigo 93.4 da Lei 33/2003, incorporándose ao expediente o informe de data 21/04/2017, do Director xeral da área de Urbanismo e Servizos Xerais no que se informa que as actividades que pretenden levar a cabo nas fincas supoñen un beneficio irrelevante para a devandita Fundación.

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:AS45USFNHE1KIY7Q

4.- Os artigos 7 e 11 dos pregos establecen o prazo de duración da concesión: 75 anos dende a sinatura do documento de formalización da concesión, improrrogable; tal previsión se acomoda ao prazo máximo previsto no artigo 93.3 da LPAP.

Quinto.- Procedemento

Séguense as previsións que os artigos 79 e seguintes do RBEL, artigo 93 e seguintes da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 326 da LALGA regulan para a concesión en réxime de concorrencia.

Realízase coa condición necesaria de que a Fundación destine o terreo ao desenvolvemento dos seus proxectos como centro especial de emprego, segundo o parágrafo segundo do artigo 5.

Prevese o sometemento do proxecto da concesión a información pública durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, en base ao disposto no artigo 87.4 do RBEL (artigo 5 pregos).

3.- RESULTADO DA FISCALIZACIÓN

Polo anteriormente exposto infórmase o expediente cos reparos formulados no apartado Cuarto.1 deste informe que aínda que non ten o carácter de suspensivo debe ser tido en conta, reiterando ademais que deberá adaptase o contido do expediente á observación feita no informe do Secretario da Administración Municipal, por delegación da Asesoría Xurídica, respecto a que a concesión se fundamente unicamente no artigo 137.4.c) da LAPA.

Pontevedra, 29 de maio de 2017

Asinado por: BLANCA VEGA LORENZO 1
Servizo: INTERVENCIÓN XERAL MUNICIPAL
Cargo: INTERVENTORA XERAL MUNICIPAL
Data: 30/05/2017

Asinado por: MONICA ALDAO CID
Servizo: SERVIZO DE INTERVENCIÓN
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 29/05/2017
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica.

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:AS45USFNHE1KIY7Q